

ACREDITACIÓN NACIONAL DA PSICÓLOGA OU PSICÓLOGO EXPERTO EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA

PREGUNTAS E RESPOSTAS FRECUENTES

1. P: Que pasa coa acreditación extraordinaria transitoria una vez transcorridos os 8 anos? Habería posibilidade de renovalo ou optar a un definitivo?
R: A acreditación ten unha validez de oito anos para calquera das vías. Despois dos oito anos, calquera que sexa a vía pola que te acreditates, é necesario acreditarse de novo, demostrando que te seguiches formando e traballando nese campo (FORMACIÓN E EXPERIENCIA PROFESIONAL).
2. Entrando pola opción A da "Vía extraordinaria transitoria",
 - a) P: Como se contabilizan as 200 horas de formación?
R: Con formación posterior á licenciatura ou ao grado, realizada en institucións recoñecidas e avaladas pola Universidade e/ou Colexio Oficial de Psicoloxía.
 - b) P: Contan as horas/asignaturas cursadas na carreira de Psicoloxía?
R: Non.
 - c) P: De no ser así, tería que ser formación oficial dunha Universidade?
R: Ver apartado a)
3. P: De canto tempo se dispón para realizar a solicitude para avaliar a obtención da acreditación?
R: As solicitudes, en xeral, poderanse presentar ao longo de todo o ano. Non haberá datas pechadas de presentación.
A vía extraordinaria estará dispoñible ata o 12 de xuño de 2019.
4. Para tramitar a acreditación nacional de Psicólogo ou Psicóloga experta en Psicoloxía Educativa, pola vía extraordinaria,
P: Valería ter cursado o CAP ou é necesario outro tipo de formación acreditada?
R: O CAP (Curso de Aptitude Pedagóxica) solo servía para acceder ao corpo de profesores e profesoras de ensino secundario, pero non ten ningún valor para acreditarse como Psicóloga ou Psicólogo Experto en Psicoloxía Educativa.
5. P: Poido actualmente acreditar experiencia continuada nos derradeiros dous anos nun centro educativo?. Gustaríame saber se con isto sería suficiente.
R: A titulación en Psicoloxía é unha condición necesaria para conseguir a acreditación, pero non é suficiente. Requírense 200 horas de formación especializada recibidas con posterioridade á licenciatura o grado.
Con la práctica (experiencia) solo non se pode acreditar.

6. P: É obrigatorio posuír esta acreditación para poder exercer como psicólogo ou psicóloga educativa nun centro de traballo, ou solo é necesaria para a práctica privada?
R: A acreditación non é necesaria para seguir traballando como psicóloga ou psicólogo, nas mesmas condicións que o esteas facendo agora.
7. P: Hai que cumprir os requisitos de Formación e Experiencia Profesional para obter a acreditación ou é suficiente cun dos dous?
R: Hai que reunir os dous requisitos: Formación e Experiencia Profesional, de acordo coas bases da convocatoria.
8. Non entendo o que significa acollerse á vía extraordinaria, no apartado: "A. Os psicólogos e psicólogas acreditadas por algún COP, con anterioridade á posta en marcha desta acreditación polo Consejo General".
P: Houbo outra fase para acreditarse por algún Colexio dalgunha Comunidade Autónoma sen ser o nacional?
R: Si, algún COP autonómico acreditou con anterioridade a esta convocatoria estatal.
9. Formo parte da Sección de Psicoloxía Educativa do COP desde hai 4 anos.
P: Este feito pode ser suficiente para a acreditación extraordinaria pola opción A?
R: A opción A fai referencia a: "As psicólogas e psicólogos acreditados por algún COP, con anterioridade á posta en marcha desta acreditación polo Consejo General", pero o formar parte da Sección de Psicoloxía Educativa non equivale a unha acreditación nos termos nos que se desenvolve esta convocatoria.